

Galicia homenaxe a Rosalía

Concellos, entidades culturais, museos, centros educativos e institucións de toda a comunidade celebran o día da escritora con actos nos que reivindicán o seu papel como "referente necesario"

Redacción / Axencias | A Coruña / Santiago | 25.02.2016 | 11:00

Concellos, entidades culturais, museos, centros educativos e institucións de toda Galicia celebraron onte o Día de Rosalía, na xornada na que se cumpría o 179 aniversario do nacemento da escritora galega, con distintos actos nos que reivindicaron a súa figura como "referente necesario" na busca de "dignidade" para a lingua e a cultura galegas.

O presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, abriu a xornada cun acto de homenaxe na Alameda de Santiago, no que se depositou unha coroa de loureiro na estatua que recorda a Rosalía. O acto contou coa participación de representantes de todos os grupos do Concello compostelano, o alcalde, Martiño Noriega, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez. Así mesmo, xunto á música das gaitas, varios nenos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago leron poemas da autora.

Durante a homenaxe, Angueira destacou que Rosalía de Castro "segue viva" a día de hoxe en ámbitos como o mundo académico, o mundo escolar, as artes plásticas ou a creación musical e reivindicou a vixencia do seu "proxecto". "Con Rosalía naceu a esperanza unha Galicia libre e digna, que quere dignidade para o seu pobo, para a súa cultura e, sobre todo, para a súa lingua", resumiu.

Na mesma liña, o alcalde de Santiago fixo fincapé no "espazo de incomodidade" que Rosalía de Castro "habitou" para o seu tempo, con respecto ás "posicións" que adoptou "como muller" e como escritora.

Tamén a súa vixencia sacou a colación o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, quen instou aos galegos a "unirse en torno a Rosalía" eloxiou o seu "pensamento transformador" como muller e "como persoa comprometida coa lingua e a cultura" de Galicia.

Aínda que Rosalía de Castro naceu en Santiago, a localidade na que viviu a maior parte da súa vida e onde está a súa casa, Padrón, tamén acolleu onte distintos actos. A Fundación Rosalía e o Concello de Padrón celebraron un acto de



homenaxe con "música e flores" no Esporón, no que participaron as *cantareiras* do Grupo Rosalía.

En A Coruña, a Real Academia Galega (RAG) celebrou tamén o Día de Rosalía cun concerto de Amancio Prada, quen interpretou algúns dos poemas máis coñecidos de la escritora musicados.

Tamén se programaron actividades en outros centros da cidade, como foi o caso da Biblioteca Infantil e Xuvenil municipal, que acolleu pola tarde unha lectura de textos da poeta. Así mesmo, en colaboración coa Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega, a Biblioteca Municipal do Centro Ágora foi escenario, tamén, unha lectura en voz alta protagonizada por colectivos, asociacións e escritores.



[Más fotos](#)